

**ACTA Nº 65****ASEMBLEA ORDINARIA**

Acta da Asemblea ordinaria, celebrada o día 10 de xullo de 2021, ás 11:00 horas en Vigo, no salón de actos do Edificio das Federaci3ns Deportivas, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

**Asistentes**

|                                |                             |
|--------------------------------|-----------------------------|
| D. Manuel López Penela         | Club ADC. Descubriendo Lugo |
| D. Pascual bartolomé Verdeal   | Club Arteixo Bm.            |
| Dª Monserrat Rey Salorio       | Club Bm. Atlántico          |
| Dª Beatriz Curras Besada       | Club Asmubal Meaño          |
| D. Jesús López gonzález        | Club Atlético Guardés       |
| D. Andrés Senra Pregal         | Club Atlético Novás         |
| Dª Cristina Caíño Juncal       | Club Bueu Atlético          |
| D. Alberto González González   | Club Bm. Cangas             |
| D. Rubén Fernández Reinaldo    | Club Bm. Cañiza             |
| Dª Isabel Quiñoa Regueiro      | Club AD. Carballal          |
| Dª Zara Martínez Cabaleiro     | Club Bm. Caselas            |
| Dª María González Lago         | Club Bm. Chapela            |
| D. Miguel Monteagudo Pazo      | Club Cisne Bm.              |
| D. Angel Canedo Rey            | Club Bm. Culleredo          |
| D. Martín Acuña Vaqueiro       | Club EDM. Salceda           |
| D. Fco. José Gayoso Rivera     | Club Bm. Ferrolterra        |
| D. Rubén González Pérez        | Club Bm. Lalín              |
| Dª Ana Belén Martínez González | Club UB. Lavadores          |
| D. Alberto Mouriño Varela      | Club Bm. Línea 21           |
| D. Óscar Fernández Martínez    | Club Luceros                |
| Dª Irene Vilaboa Fernández     | Club Bm. Moaña              |
| D. Aar3n Nieto Nieto           | Club Bm. Pabell3n Ourense   |

|                                      |                     |
|--------------------------------------|---------------------|
| D. Iago Garrido Vilar                | Club Poio Artai     |
| D. Óscar Allegue Iglesias            | Club Bm. Pontedeume |
| D. Abel Estévez Carrera              | Club Bm. Porriño    |
| D. Diego Gondar Otero                | Club Rasoeiro Bm.   |
| D. J. Ricardo Vázquez García         | Club Bm. Ribadosar  |
| D. Iván Reinaldo Vallejo             | Club DC. Ribeiro    |
| D. Aurelio Krook Moldes              | Club SAR            |
| D <sup>a</sup> María Prelchi Gallego | Club Seis do Nadal  |
| D. Emilio Pintos Soto                | Club SD. Teucro     |
| D. Pablo A. Rodríguez Castro         | Club Bm. Tui        |
| D. Miguel Albo Lestegas              | Club Bm. Viveiro    |
| D. Miguel A. Barbeira Vilar          | Club Xallas F.C.    |
| D. José Antonio Rodríguez Fraga      | Club EB. Xiria      |

Preside a mesma o Presidente da Federación Galega de Balonmán D. Bruno López Molina, estando na mesa a Directora Xeral Patricia Sanmiguel García, o directivo da FGBm. D. Jesús Varela Martínez e a Secretaria Xeral D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Sueiro Cardoso.

Toma a palabra o Presidente D. Bruno López Molina, saúda aos asistentes e comenta que aínda que a asemblea non se poida celebrar con total normalidade, é un pracer poder coincidir con todos e todas aínda que sexa de xeito telemático nalgúns casos, e máis despois de rematar unha tempada que parecía imposible de celebrar.

O presidente informa do sistema de votación, xa que se realizará ao mesmo tempo entre os asistentes presentes na asemblea e os/as que están de xeito telemático, que o farán a través de aplicación, publicándose os resultados en tempo real.

O presidente di que hai que comezar esta asemblea sobre todo agradecendo a todos o esforzo realizado, xa que aínda que os protocolos partiron do traballo da Secretaría Xeral Para o Deporte e da propia federación, o mérito real é de aplicalos dun xeito eficaz, e ahí os clubs e todos os seus traballadores/as merecen un gran recoñecemento, agradece o traballo e adicación de todos/as para que o balonmán sobrevivise a esta difícil tempada e traslada que a Xunta Directiva da FGBm está moi orgullosa de representar ao balonmán galego, xa que amosou que é un balonmán unido.

Bruno López, informa tamén de que a situación provocada pola covid aínda no rematou, e non se pode garantir que a vindeira tempada comece coa normalidade que nos gustaría, pero si que hai moito avanzado, pero que polo de agora, o uso da máscara foi clave.

Informa a todos/as os/as asistentes que á asemblea será clausurada polo Presidente da RFEBM, xa que hoxe pola tarde hai un partido da Selección Española, e aproveitando esta circunstancia, Francisco Blázquez moi amablemente aceptou a invitación e está disposto a responder a todas as cuestións que se plantexen dentro da xuntanza.

O Presidente fai un resumen dos cambios máis salientables de cara a vindeira tempada aprobados na asemblea da RFEBM, entre os que destaca a creación dunha nova categoría no balonmán feminino, a partir dunha reestruturación da prata feminina, xa que o salto da competición autonómica a nacional en feminino é moi grande. Outro dos temas era o convenio do asobal o cal se firmou. O novo convenio lle da un pouco máis de control a RFEBM sobre algúns eventos da máxima categoría masculina. Tamén se subiron os custes do sectores e fases de ascenso nacional, na asemblea nacional tan só votaron en contra Galicia e Castilla la Mancha, xa que os canon xa parecían elevados e máis na situación na que nos atopamos.

O Presidente di que en canto a situación do COVID , a FGBm está pendente de publicar un estudio que se está a realizar sobre o impacto no deporte. Di que si houbo casos positivos pero non de propagación dentro da actividade, houbo moitas incidencias pero ningún brote. Por estatística case todos os contaxios danse no ámbito de ocio que é onde a xente se relaxa.

A intención era que nesta asemblea se falase do levantamento das modificacións realizadas na tempada anterior por mor da covid, pero non se pode, xa que a previsión sanitaria non o permite, de todos os xeitos recorda que unha das cousas que se aprobou foi facultar a Comisión Delegada para deixar sen efecto as mesmas cando o considere oportuno e a situación o permita.

A previsión é que a tempada comece con máscara, pero esperamos que remate sen ela, aínda que non se pode asegurar nada.

O Presidente informa sobre o seguro deportivo e di que se mellorou respecto a tempadas anteriores pero segue a ter unha importante sinistralidade, de producirse unha suba no prezo da prima, intentarase que non supere o 5-7%. A Federación dispón de boas ofertas doutras compañías a curto prazo pero que comprometen o prezo futuro da prima ligando directamente á sinistralidade da tempada. Bruno López da paso a Jesús Martínez para expor os datos relativos á tempada 20-21, Jesús comenta:

- Que se subiron o número de equipos en categorías sénior feminino e cadete masculino.
- Xogáronse 2128 partidos, onde predomina o horario de sábado pola mañá, aínda que cada vez está máis presente o horario dos domingos pola tarde.
- En canto ao seguro, destacan as lesións de rodilla por enriba doutras, mentres que se reparten equitativamente entre adestramentos e competición, e un 66% danse nas categorías masculinas, mentres que o 34% nas femininas.
- Nos próximos meses presentárase un estudo máis amplo, que tamén levará á reflexión sobre a cantidade de carga e os momentos nos que xogadores/as a reciben.

O presidente comenta tamén que coma todos/as saben, a tempada anterior a federación decidiu non cobrar os dereitos de participación aos clubs, ademais correu cos custes da plataforma Cluber para facilitar o día a día dos clubs e subministrou test ata onde puido, a federación está para sumar, igual que o fan todos os estamentos cando a federación os precisa, coma proba o mundial júnior de 2019. Nesta nova tempada, volverá a asumir o compromiso con Cluber pero voltarán os dereitos de participación.

Bruno López da paso ás propostas, e cede a quenda a Patricia Sanmiguel (tesoureira da federación) para que explique a memoria de contas e posteriormente se poidan someter a votación.

### **CONTAS ANUAIS 2020**

Patricia explica que comentará o Activo e o Pasivo da FGBm; comenta que as contas son a 31 de decembro de 2020, e que todos/as poden ver que hai unha comparativa entre a evolución de 2019 a 2020.

Comeza comentando os datos de activo non corrente e non corrente; destacando os 48.495,23€ pendentes de cobro aos clubs e as subvencións pendentes de cobro por valor de 35.608€.

Patricia no patrimonio neto e no pasivo, destaca a recuperación de fondos propios que tivo a federación con respecto a anos anteriores, pasándose de menos quince mil euros, a un beneficio de cento once mil euros; a Federación Galega de Balonmán pasou de estar en quebra técnica a estar saneada. Ademais comenta que en 2020 houbo que devolver máis de vinte mil euros á Deputación de Pontevedra a raíz dunha auditoría de 2017 a razón da xustificación das escolas deportivas; ademais comenta en canto a acreedores a débeda coa RFEBM de setenta e nove mil euros que queda por saldar pero está negociada.

Bruno López comenta que hai un desaxuste na liquidación de presuposto con respecto ao que estaba previsto porque por mor da covid houbo variación nas partidas previstas inicialmente, xa que houbo actividades que non puideron levar a cabo e a Xunta de Galicia permitiu reestruturar as partidas.

Monse, do Bm. Atlántico intervén para dicir que a débeda dos clubs está a descender notablemente pero que non se pode permitir o impago; o presidente do Atl. Guardés intervén para apoiar que non se permitan os impagos, e varios/as presentes na sala refrendan esta postura. O presidente da FGBm aclara que nestes momentos a federación da facilidades aos clubs pero non permite os impagos; de feito tan só hai dous clubs cos que se plantexarán medidas legais para recuperar as cantidades adeudadas, xa que se tratan de fondos de todos os federados/as; estes dous clubs son o Bm. Deza e o Campus Ourense.

Procédese a realizar a votación da proposta: CONTAS ANUAIS 2020

**VOTACIÓN: SI: 34 NON: 0 ABSTENCIÓN: 2** Queda APROBADA a proposta Nº 1

## **PROPOSTAS COMPETICIONS**

O presidente da FGBm da paso ás propostas de competicións.

### **1.- SUPERCOPA E COPA SENIOR MASCULINA:**

O presidente comenta que a proposta é igual á que estaba vixente, tan só se modifica a orde dos enfrontamentos no cadro, para que os equipos que hipoteticamente son os máis fortes segundo a clasificación do ano anterior, vaian por diferentes partes do cadro.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:29 NON:0 ABSTENCIÓN: 8.** Queda APROBADA a proposta Nº 1

### **2.- SUPERCOPA E COPA SENIOR FEMININA**

O presidente comenta que se trata do mesmo caso ca na Copa e Supercopa masculina.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:23 NON:1 ABSTENCIÓN: 14.** Queda APROBADA a proposta Nº2

### **3.- 1ª AUTONOMICA MASCULINA**

O presidente explica a proposta, deixando claro que se unificou coa do Bm. Pontedeume e polo tanto elimina a promoción de descenso, xa que se trata dunha categoría que depende directamente dos arrastres da competición nacional, isto provoca largos paróns antes de disputar os encontros de promoción e en moitos casos incluso a acaban xogando equipos que a posteriori non deberían tendo en conta as posibles invitacións da RFEBM para categoría nacional. O presidente pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI: 24 NON: 0 ABSTENCIÓN: 14.** Queda APROBADA a proposta Nº 3

### **4.- 1ª AUTONOMICA FEMININA**

O presidente expón a proposta, que ten tres casuísticas en función do número de equipos.

A representante do BM. Caselas comenta que a primeira proposta lle parece que ten demasiados partidos, que non lles deu tempo para presentar propostas pero que ven demasiados partidos. O presidente di que entende a postura, pero que a federación non pode

modificar a propostas porque esta sae despois de valorar moitos condicionantes e non se atreven a realizar unha modificación sen valorar todas as consecuencias, e que o calendario está condicionado pola data de finalización marcada pola RFEBM, por iso é importante que os clubs presenten propostas. O presidente pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:21 NON:1 ABSTENCIÓN:16 .** Queda APROBADA a proposta Nº 4

O presidente recorda que é responsabilidade de todos aprobar os formatos de competición, e que se algún club non ten unha categoría en concreto debe votar igual porque aínda que non lle afecte na actualidade si o fará no futuro.

#### **5.- 2ª AUTONOMICA MASCUINA**

O presidente explica a proposta, na que se elimina a promoción de ascenso con respecto ao formato existente, pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:31 NON:0 ABSTENCIÓN: 7.** Queda APROBADA a proposta Nº 5

#### **6.- XUVENIL MASCULINA**

O presidente expón a proposta e explica que vai na liña da que estaba aprobada antes da pandemia, foi un formato que non se puido levar a cabo e que pretenden aplicar na tempada 21-22; o cambio substancial é que debido ás prematuras datas de finalización dadas pola RFEBM os Play Off serán nunha mesma fin de semana. O presidente do Bm. Porriño di que a él lle interesaría que os dous equipos xoguen a Copa Galicia pero ao mellor non quere xogar cos dous equipos os Play Off, o presidente di que non pensaran nesa casuística concreta pero que a bote pronto non ve inconveniente en que un club con dous equipos poida renunciar cun deles a disputar os Play Off, así que si ninguén ve problema se introduce esa circunstancia na proposta; pregunta si se precisan máis aclaracións e o representante do Bm. Rasoeiro di que a obrigatoriedade de xogar Play Off se xogas Copa Galicia pode ser malo para algúns clubs; o presidente aclara que non se descarta montar competicións paralelas para os equipos que non queiran optar a xogar en Liga Ouro, pero os que queiran facelo deben comezar coa Copa Galicia se queremos aumentar o nivel.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:31 NON:0 ABSTENCIÓN: 6.** Queda APROBADA a proposta Nº 6

### **7.- XUVENIL FEMININA**

O presidente expón a proposta, pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:32 NON:0 ABSTENCIÓN: 4.** Queda APROBADA a proposta Nº 7

### **8.- CADETE E INFANTIL MASCULINA**

O presidente expón a proposta, pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:35 NON:0 ABSTENCIÓN: 2** Queda APROBADA a proposta Nº 8

O representante de Xiria pregunta si teñen as mesmas datas as dúas competicións, e comentase que están as datas na proposta.

### **9.- CADETE E INFANTIL FEMININA**

O presidente expón a proposta, deixando claro que as competicións son similares ás masculinas. O representante do Bm. Cangas pregunta de novo si se poderá renunciar a xogar os Play Off cun equipo no caso de que un club presente dous equipos en Copa Galicia, e contéstaselle que si, ao igual que en xuvenís engadirase esta excepción. Pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI: 33 NON: 0 ABSTENCIÓN: 2** Queda APROBADA a proposta Nº 9

### **PROPOSTAS MODIFICACIÓNS NOREBAGA**

#### **1.- ART. 42**

O presidente aclara que en todos estes anos nunca se presentaron subidas en tarifas arbitrais, e que son conscientes de que esta medida non será popular, pero nestes momentos o deporte base é deficitario a nivel económico, porque aínda que está subvencionado pola Xunta de Galicia, o número de equipos e de partido aumentou moito, e a competición está a ser gratuíta en todos os aspectos, non cubrimos os custes, algo que acaba asumindo a federación; ademais ven unha falla de criterio na estimación das tarifas arbitrais establecidas, hai diferenzas importantes e inxustificables en categorías similares; ademais resalta que a federación está investir na mellora da promoción do noso deporte, e destaca o papel do colectivo arbitral que está a sumar moito para cubrir o 98% dos encontros cada tempada, algo que hai dous anos era



impensable, e agradece enormemente o seu traballo. O presidente da paso ao estudio por parte de Jesús Varela.

Jesús comparte os datos e relata os argumentos que levan á modificación das tarifas, xustificando esta suba. A representante do Bm. Caselas di que elas están perxudicadas pola subida e que tan só hai unha categoría feminina; o presidente aclara que non se chega a equiparar o fondo ao da masculina, pero vai nesa liña, pero que os recursos que destina a federación son os mesmos que á primeira autonómica masculina, e previsiblemente pode haber dúas categorías.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI: 32 NON: 2 ABSTENCIÓN: 2** Queda APROBADA a proposta Nº 1

## **2.- ART. 42**

O presidente aclara que a proposta tan só introduce as tarifas unha actualización de tarifas no caso dos anotadores/as-cronometradores/as. Pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI: 34 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1** Queda APROBADA a proposta Nº 2

O presidente agradece a confianza da asemblea nestas propostas.

## **3.- ART. 1. DATAS OFICIAIS TEMPADA**

Bruno López expón a proposta, explicando que trata de recoller oficialmente o intervalo de tempo no que son aplicables as tarifas de pretempada. Pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:33 NON:0 ABSTENCIÓN: 1.** Queda APROBADA a proposta Nº 3

## **4.- ART. 42 TARIFAS AMIGABLES**

O presidente explica a proposta que trata de recoller as tarifas oficiais para encontros amigables fóra da pretempada arbitral. Pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:32 NON:0 ABSTENCIÓN: 2.** Queda APROBADA a proposta Nº 4



#### **5.- ART. 53 EQUIPO BASE ADSCRITO AO CLUBS**

O presidente explica e argumenta a proposta, poñendo o exemplo do Bm. Samertolameu na tempada pasada; e deixa claro que esta modificación segue a buscar a promoción do balonmán en categorías base pero sobre un contexto mais real que o que estaba establecido. Pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI: 32 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1** Queda APROBADA a proposta Nº 5

#### **6 ART. 19 C HORARIOS UNIFICADOS**

O presidente expón a proposta, aclarando que trata de solucionar problemas de instalacións que se deron ao longo destes anos. O responsable do Bm. Ribadosar pregunta que pasa se non se pode xogar nese horario porque o concello non deixe; o presidente aclara que terá que resolver o comité de competición analizando a casuística pero que a normativa é clara. Pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:29 NON:1 ABSTENCIÓN: 3.** Queda APROBADA a proposta Nº 6

#### **7.- ART 37 AUMENTAR CATEGORIAS INFERIOR**

O presidente pide á secretaria que lle axude a expor a proposta. Marisa realiza a exposición da mesma coas aclaracións pertinentes, deixando claro que hai un erro de transcripción nas categorías que se solucionará antes de publicalo no NOREBA-GA. A representante do colectivo arbitral realiza unha aclaración á proposta, e a representante do Bm. Chapela refrenda a mesma.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:32 NON:0 ABSTENCIÓN: 1.** Queda APROBADA a proposta Nº 7

O presidente pide á asemblea cambiar a orde de propostas e pasar á votación do Regulamento de Licenzas, para así rematar coas propostas da FGBm.

#### **8.- PROPOSTA REGULAMENTO LICENZAS**

O presidente aclara que se trataría de aprobar o Regulamento a expensas das modificacións que se poidan encomendar dende a Secretaría Xeral Para o Deporte. Andrea Cabaleiro, aclara unha modificación que debería figurar con respecto á licenza de “auxiliar”, así coma unha apreciación sobre a asignación de roles a través da plataforma Isquad; o presidente di que o de

“auxiliar” se modificará porque ten moito sentido. Pregunta si se precisan máis aclaracións e ninguén as solicita.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI: 33 NON:0 ABSTENCIÓN: 0**

O presidente pregunta ao representante do Balonmán Pontedeume se quere facer algunha aclaración sobre a súa proposta, e Óscar Allegue comenta que a retira xa que se unificou coa de 1ª Autonómica Masculina realizada pola FGB.

Bruno López da paso ás propostas do colectivo arbitral, e da paso aos representantes para a súa exposición.

## **9.- PROPOSTAS COMITE ARBITRAL**

### **9.1 ORDENADOR E CONEXIÓN A INTERNET NO CAMPO EN SÉNIOR MASCULINA**

Andrea Cabaleiro comenta que é unha cuestión de lóxica para proporcionar un bo seguimento da competición e mellorar o traballo das mesas. O presidente agradece a proposta. O presidente do Bm. Cañiza di que as mesas deberían ter o seu ordenador propio, que llo compre a federación si é necesario; o presidente da FGBm di que agradece a proposta, que non se trata dunha prioridade pero que se estudará de cara a un futuro non sabe se próximo ou lonxano.

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:23 NON:3 ABSTENCIÓN: 7.** Queda APROBADA a proposta Nº 9.1

### **9.2 LICENCIAS DE AUXILIAR**

Andrea Cabaleiro fai referencia á asemblea da RFEBM e comenta os cambios que se realizaron con respecto á licenza de auxiliar, argumenta a súa proposta (incluíndo a modificación do Regulamento de Licenzas).

Procédese a realizar a votación da proposta

**VOTACIÓN: SI:28 NON:1 ABSTENCIÓN: 3.** Queda APROBADA a proposta Nº 9.2

O presidente propón dar entrada ao presidente da RFEBM, e agradece a súa presenza e o apoio que están a brindar á FGBm, ademáis de prestarse a responder as preguntas dos asembleístas galegos.

O Presidente da RFEBM agradece a acollida e comenta que foi un ano extremadamente difícil no que xurdiron diferenzas pero que hai boa sintonía, a RFEBM deulle prioridade a que se celebrasen as competicións e está orgulloso do balonmán nacional. Francisco Blázquez felicita á Xunta Directiva da FGBm e a todo o balonmán galego polo xeito de afrontar esta pandemia.

Irene Vilaboa, representante do Bm. Moaña pregunta se se está a traballar nalgunha liña para evitar a realización de test na próxima tempada.

O presidente da RFEBM aclara que si, que se está a intentar flexibilizar algunhas medidas, pero que agora mesmo houbo un cambio no Ministerio de Cultura e Deportes e tratarán de clarificar ao máximo os condicionantes da tempada 21-22.

O representante do BM. Cañiza pregunta si os equipos canarios estarán no grupo galego de primeira nacional, o presidente da RFEBM comenta que non o pode confirmar aínda pero que tratarán de facer o que sea mellor xeográficamente, que se compromete a realizar un estudo do fondo canario e das viaxes en avión dispoñibles.

O representante das E.Bm. Xiria pregunta de xeito distendido que podemos facer para que os asembleístas galegos gañen unha proposta da asemblea da RFEBM, Francisco Blázquez recolle a pregunta con humor e resposta que a asemblea é moi dispar.

Bruno López despidese a asemblea e agradece a asistencia e implicación de todos/as.



Bruno López Molina



Mª Luisa Sueiro Cardoso

En Vigo a 11 de xullo de 2021